

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE XUÑO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de xuño de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

1. INTERVENCIÓN.- Acórdase a aprobación do proxecto de modificación da base de execución 24 do Orzamento Xeral Municipal 2025. Subvencións nominativas.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a modificación e prórroga do contrato no expediente de contratación do servizo de soporte, mantemento e actualización de contidos e de software da plataforma de venda de entradas do Concello de Lugo. Expte ref. 2023/C003/000005.

Acórdase a prórroga dende o 18.08.2025 ata o 17.08.2026 no expediente de subministración de combustible para vehículos e maquinaria municipal. Ref. exp. 2023/C004/000009.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto na contratación - mediante lotes - da subministración de produtos de alimentación (lote 1) e produtos de limpeza (lote 2) no Fogar do Transeunte e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C004-000018.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7122861125968547583.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-6-2025

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada na contratación do servizo de conservación e mantemento dos campos de fútbol e beisbol do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C003-000019.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto na contratación da execución do programa pedagóxico de apoio á conciliación “Aprende xogando” do Concello de Lugo (Concellería de Muller e Igualdade - Servizo de Igualdade) e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2023/C003/000034.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación dos servizos de xestión, atención ao público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais casas das linguas, sitas en estrada da granxa e no Centro de Convivencia María Balteira e a apertura do procedemento de contratación. Expte ref. 2025/C003/000032.

3. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do texto e posterior sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e formación profesional da Xunta de Galicia, polo que se formaliza a colaboración para o exercicio de determinadas accións (vixilancia, disciplina, denuncia e sanción) en materia de tráfico e seguridade viaria.

Acórdase aproba-lo texto e proceder á sinatura da addenda ao Convenio de colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos do Concello de Lugo.

Tamén se acorda proceder a aprobación e posterior sinatura do Convenio interadministrativo de cooperación entre a deputación provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da

execución da actuación Arde Lucus 2025.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase estimar o recurso potestativo de reposición contra a liquidación provisional, en concepto de exaccións urbanísticas.

5. PERSOAL.- Acórdase aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de auxiliar administrativo/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2024) e para o acceso en propiedade de 3 prazas de auxiliar administrativo/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OEP 2024).

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

6. CULTURA.- Acórdase a aprobación das bases para a autorización da instalación de atraccións e postos durante as festas de San Froilán dos anos 2025 e 2026 con posibilidade de prórroga para os anos 2027 e 2028. Exp. 2025/C013/000003.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

7. MERCADOS.- Acórdase a aprobación de cambio de postos no mercado de Frigsa 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

8. ENXEÑERÍA.- Acórdase a aprobación de encargo a medio propio (Evislusa), da valoración do solar situado na rúa Montero Ríos nº 2 da cidade de Lugo para eliminación de tapón urbanístico.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7122861125968547583.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-6-2025

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.